

Decreto:

Data decreto: ver data ao marxe.

Descrición decreto: Corrección de erros no decreto 1.097 de 25/11/2020, Bases para a selección do alumnado traballador/a e persoal do obradoiro dual de emprego "Tahume VI".

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA- PRESIDENCIA

D. JOSÉ LUIS OUJO POUZO, Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, no uso das facultades que lle confiren o art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e ao abeiro do disposto na Lei 39/ 2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das AAPP, dita a seguinte resolución:

Visto que en data 25/11/2020 se ditou o decreto da Alcaldía núm. 1.097, "Aprobación bases para a selección do alumnado traballador/a e persoal do obradoiro dual de emprego "Tahume VI", que na selección do seguinte persoal de docente e de apoio:

- mestre para a especialidade de Traballos de carpintería e moble.
- mestre para a especialidade de Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes.
- titor/a que tamén fará funcións de mestre de educación básica.
- auxiliar administrativo.

detectouse un erro material no epígrafe cursos realizados:

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 ata 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 50 ata 99 horas lectivas: 0,20 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,30 puntos por curso

Considerando que o art. 109.2 da Lei 39/2015, do 26 de novembro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas establece que "*As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*".

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

Único.- Aprobar a corrección do erro material existente nos epígrafes de cursos realizados da selección do persoal de docente e de apoio citando con anterioridade, do decreto da Alcaldía núm. 1.097 do 25/11/2020, do 8 de outubro, que queda redactado do seguinte teor:

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 ata 49 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 50 ata 99 horas lectivas: 0,20 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,30 puntos por curso

Porto do Son, na data da sinatura dixital

O ALCALDE- PRESIDENTE,
Asdo. José Luis Oujo Pouso.

O SECRETARIO, dou fe,
Asdo. Manuel Martínez Varela.

